

A cerâmica



Orixe

- O barro foi utilizado polo home ao longo da historia para diversas utilidades. Este material é fácil de conseguir e ao cocelo,adquire unha consistencia e unha dureza útil para moitas aplicacións.
- É un material excepcional para traballar e manipular co que se obteñen resultados moi satisfactorios. Así dende o principio da civilización déuselle varias aplicacións: recipientes para a auga, funerarios, motivos decorativos etc.
- A realización destes obxectos era moi coidada xa que ademais era un obxecto artístico no que o artesán coidaba tanto a forma como a decoración, facendo así da cerámica unha das expresións culturais e artísticas máis ricas de todos os pobos.

Arxila - Componentes.

- O principal componente da arxila é o **silicato de aluminio**, que cando é puro chámase caolín, este adoita ter impurezas. Se contén **ferro**, terá tonalidades amarelas, vermellas ou alaranxadas.
- Segundo o contido de auga que teña a arxila, pódense conseguir diversas consistencias: dende un fluído cremoso chamado *barbotina*, feita con barro e bastante auga, pasando pola **pasta de modelar**, ata o chamado **estado de coiro**, que é cando perdeu algo de auga.

Tipos de arxilas

Existen dous tipos de arxilas principalmente: as de baixa temperatura, que se cocen a uns 900 graos e as de alta temperatura, como o gres, a porcelana e a arxila refractaria, coas que se alcanza os 1200 graos.

Amasado

O amasado debe realizarse sobre unha superficie plana e absorbente: como a madeira, o xeso, etc. Coa axuda das nosas mans tamén absorbemos auga. Hai que amasar de forma que non queden burbullas de aire no barro, xa que estas poden facer estalar a peza ao cocela.

En xeral as paredes da peza non poden ter máis de 2 cm. de ancho e nunca poden quedar ocos illados porque podería estallar a peza.

Técnicas de traballo

O pellizado

A pela ben amasada divídese en dous anacos cos que facemos dúas bólas e trabállanse, premendo co polgar no centro ata conseguir forma de cunco, que transformaremos engadíndolle un asa, unha tapa etc. Tamén podemos facer unha esfera unindo dous cuncos.

Técnicas de traballo

Os churros

Unha vez ben amasado o barro, separamos un anaco e faremos con el a base dunha peza, golpeándoo para aplanalo e recortándoa logo con algunha forma. Co resto do barro faremos churros do grosor dun dedo e iremos elevando a peza.

Técnicas de traballo:

As pranchas

Con esta técnica pódense realizar pezas de formas rectangulares ou cadradas: caixas, botellas etc. Tamén se poden facer simples pranchas con debuxos en relevo, pezas de mosaico ou ben paneis e murais.

Unha forma sinxela de facer pranchas é utilizar listóns de madeira aos lados da pela nos que apoiarnos e deslizamos un fío de cortar. Outra é colocar anacos de barro sobre unha prancha de madeira e pasar daquela un rodete apoiado nuns listóns de madeira; quitamos o exceso de barro con outro listón.

As pranchas II



O modelado

Coa pela ben amasada, xogamos coas nosas mans, buscando unha forma premeditada ou ben intuitiva. Se a peza é moi ancha (>2cm) é necesario baleirala coa axuda dun instrumento adecuado.

Decoración

- 4.1. **Incisións**. Podemos facer cortes na peza; deixar pegadas ou marcas cos nosos dedos ou outros obxectos.
- 4.2. **Gravados**. Podemos deixar pegadas con texturas de diferentes obxectos ou facer incisións que logo podemos decorar con engobes.
- 4.3. **Arxila aplicada**. Podemos cambiar a aparencia da peza, engadindo ou quitando arxila.

Decoración II

- 4.4. Decoración con vernices e engobes.

Os vernices pódense atopar no mercado xa preparados. Son materiais vítreos que se utilizan para cubrir a peza, xa sexa para facela impermeable á auga, a sucidade ou para a decoración mesma. Fúndense coa acción da calor entre 900 e 1050 graos de fusión. (Non usaremos pola súa toxicidade)

Os *engobes* compóñense de arxila branca máis pigmento de cor ou óxidos e pódense aplicar á peza cando esta está crúa cocendo así á vez que o barro.

O secado

- As pezas fanse co barro ben amasando ata conseguir que se modele adecuadamente sen gretarse.
- Unha vez terminada a peza, necesítase un tempo de secado ata que se introduce no forno. Mentres vai perdendo auga, é dicir; ao ir secándose, hai un momento no que adquire a chamada “**dureza ou textura de coiro**”. Neste momento pódese decorar e **brunir** a peza. Se se deixa secar máis, o barro vólvese duro e aínda se lle pode dar un acabado final á peza lixándoa e deixándoa así preparada para ser cocida no forno.

Cocción

Unha vez secas as pezas para converterse en cerámica é necesario cocelas durante varias horas a **900°** aproximadamente.

As paredes das pezas no deben exceder dos 2 cm de anchura e non deben existir ocos sen ventilación para que as pezas non exploten.

